





3

**estou
coma un buxo**



FUNCIÓN COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Mostrar sorpresa e admiración ❖ Describir cambios de personalidade 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Lecer e tempo libre: práctica de deportes ❖ Vestimenta: roupa <i>sport</i> ❖ Estranxeirismos e préstamos 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Pronomes persoais: se impersoal ❖ Graos do adxectivo ❖ Oracións comparativas ❖ Perífrases aspectuais perfectivas ❖ Tipoloxía textual: a síntese 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Contraccións das conxuncións comparativas ❖ Conectores textuais: fórmulas de ordenación ❖ GALEGO EN ACCIÓN: A academia de baile 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ A empresa galega da moda



Actividade introdutoria

1. Practicas algún deporte? Por que?

De todos os motivos que se achegan aquí, elixe os dous que consideres máis importantes e engade algún máis.

Practico deporte porque...

- Mellora a circulación sanguínea
- Afina a miña figura
- Véñenme ben os estiramentos musculares
- ...


- Son fumador/a
- Distráime dos meus problemas
- Libero o estrés laboral
- ...

2. Estás na entrada do ximnasio. Alí teñen a táboa de actividades semanais.

Hoxe é xoves. Elixo hora e actividade. Logo indica os motivos da túa elección.

INICIO	FIN	LUNS				MARTES				MERCORES				XOVES				VENRES							
		ACTIVIDADE	S	N	MONITOR	ACTIVIDADE	S	N	MONITOR	ACTIVIDADE	S	N	MONITOR	ACTIVIDADE	S	N	MONITOR	ACTIVIDADE	S	N	MONITOR				
9:00	9:55					Tai-chi inic.	4	1	DAVID					TAI-CHI	4	1	DAVID	DAOYN	4	1	DAVID				
9:00	9:55	AERÓBIC	4	1	JUANMA	AB&GL	9	1	GESTAL	STEP	4	1	JUANMA	TONO	9	1	GESTAL								
10:00	10:55	60*	4	1	ESTRELLA	TAI-CHI	7	1	DAVID	60*	4	1	ESTRELLA	Tai-chi inic.	7	1	DAVID	60*	4	1	BELEN				
10:00	10:55	60*	7	1	BELEN					60*	7	1	BELEN					60*	7	1	ESTRELLA				
10:10	11:05					PUMP	9	1	BELEN	FIT-BIKE	6	1	GESTAL	AB&GL	9	1	ESTRELLA								
10:10	11:05	AB&GL	9	1	GESTAL	BODYSTEP	4	1	ELOY	PUMP	9	1	ELOY	BODYJAM	4	1	ELOY	TONO	9	1	TOÑO				
11:15	12:10	FIT-BIKE	6	1	SONIA	STEP	7	1	BELEN	CAPOEIRA	4	1	MODELO	LATINO	4	1	BELEN	FIT-BIKE	6	1	GESTAL				
11:15	12:10	BANGHRA	7	1	ANA					COMBAT	7	1	GESTAL					LATINO	7	1	ANA				
11:15	12:10	COMBAT	4	1	SERGIO	A.F.S	4	1	ELOY	AB&GL/EST	9	1	ELOY	BODYSTEP	7	2	ELOY	COMBAT	4	1	MODELO				
CABREIROÁ POR MOR DO CONCERTO EN HOMENAXE AOS VOLUNTARIOS DO PRESTIGE, O XOVES 15 NOV. NON HABERÁ CLASES NA PISTA CENTRAL CABREIROÁ																									
16:00	16:55	AB&GL	4	1	SERGIO									AB&GL	4	1	SERGIO								
17:10	18:05	RITMO	4	1	ESTRELLA					RITMO	4	1	ESTRELLA												
18:10	19:05	Banghra in.	4	1	BELEN									BODYSTEP	4	1	ESTRELLA								
18:10	19:05	TONO	9	1	ESTRELLA	AB&GL	4	1	ESTRELLA	TONO	9	1	ESTRELLA	AB&GL	9	1	BELEN								
19:00	20:20					STEP	7	1	BELEN	BODYSTEP	4	1	ESTRELLA	AB&GL/EST.	7	1	BELEN	BODYSTEP	7	1	JAVIER	H. Ioga	8	1	TONO
19:10	20:05	COMBAT	4	1	SERGIO	FIT-BIKE	6	1	JAVI	COMBAT	4	1	SERGIO	AEROBIC	4	1	ESTRELLA								
19:10	20:05	AB&GL	9	1	ANA	TONO	9	1	JAVIER	TONO	9	1	ANA	TONO	9	1	BELEN	TONO	9	1	JAVIER				
20:00	21:25	H. Ioga	8	1	TONO	TAI-CHI	8	1	TONO	H. Ioga	8	1	TONO	TAI-CHI	8	1	TONO								
20:30	22:50																	K. Ioga	8	1	TOÑO				
20:15	21:10	AB&GL	7	1	Mª JOSE	CAPOEIRA	7	1	MODELO	AB&GL	7	1	Mª JOSE												
20:15	21:10	FIT-BIKE	6	1	JAVI	BODYSTEP	4	1	TOÑO	TONO	9	1	BELEN	CAPOEIRA	7	1	MODELO	RPM	6	1	JAVIER				
20:15	21:10	LATINO	P	1	ANA	PUMP	9	1	SERGIO	FIT-BIKE	6	1	JAVI	BODYSTEP	4	2	PAULA	BODYSTEP	4	1	PAULA				
20:15	21:10	TONO	9	1	BELEN	RPM	6	1	JAVIER	BODYSTEP	4	1	TOÑO	PUMP	9	1	ELOY								
20:15	21:10	BODYSTEP	4	1	PAULA	BODYJAM	P	1	ELOY	LATINO	P	1	ANA	RPM	6	1	JAVIER	CAPOEIRA	7	1	MODELO				
21:30	22:55	TAI-CHI	8	3	TONO	K. Ioga	8	1	TONO	TAI-CHI	8	1	TONO	H. Ioga	8	3	TONO								
21:15	22:10	PUMP	9	1	SERGIO	BODYSTEP	7	1	JAVIER	STEP	7	1	BELEN	AB&GL/EST	7	1	ELOY	COMBAT	4	2	PUMI				
21:15	22:10	COMBAT	P	1	SONIA	Alto Imp.	P	3	ELOY	PUMP	9	1	TOÑO	BODYSTEP	4	1	TOÑO	AB&GL	9	1	JAVIER				
21:15	22:10	Banghra in.	7	1	ANA	TONO	9	1	TOÑO	COMBAT	P	1	SONIA	TONO	9	1	JAVIER								
21:15	22:10	BODYSTEP	4	1	TONO	CAPOEIRA	4	1	MODELO	Banghra av.	4	2	ANA												

FONTE: www.mutiusos.net



Gramática e léxico

Prácticas guiadas

GRAMÁTICA SELECTIVA

Para expresar sorpresa e admiración úsanse moito estas fórmulas:

Non me digas!

Que me dis!

Déixasme apampada...

Arre demo!

Vaites!

Non pode ser!

Non é posible!

Tamén se adoitan empregar para o mesmo determinadas interxeccións:

Oh!

Ah!

Lembra que os signos de admiración se poñen só ao final:

Non creo iso que me contas!

Podemos construír tres tipos de comparacións:

*Superioridade: son máis alta **ca ti**.*

*Igualdade: son tan alta **coma ti**.*

*Inferioridade: son menos alta **ca ti**.*

O segundo termo da comparación (sinálase en vermello) vai introducido por unha conxunción comparativa.

Estas son as posibilidades de combinación:

CA, COMA + pronome persoal

DO QUE, COMO + oración

CA, QUE + calquera outra posibilidade

COMO, COMA + calquera outra posibilidade

*Come tanto **coma min**.*

*Fala máis **do que pensa**.*

*Non está tan tola **como din por aí**.*

*Sentiraste tan ben **como / coma o teu amigo**.*

*Sentiraste mellor **do que / ca / que o teu amigo**.*

O SE IMPERSONAL

O pronome SE úsase como marca de oración impersonal cando construímos oracións nas que non se indica o suxeito. O verbo vai en 3ª persoa do singular:

*Non **se lles permite** a entrada aos cans.*

***Recóllese** roupa usada.*

***Lémbrase** que non se pode chegar tarde.*

*Naquela reunión **díxose** que non era verdade o que saíu publicado.*

* Fíxate que admite un complemento directo que pode estar desempeñado por unha frase ou por unha oración.

Léxico

Coloquial: alucinar

Estándar: sorprenderse por algo/de algo

Culto: admirarse por algo

Coloquial: quedar pampo

Estándar: quedar sorprendido

Culto: quedar estupefacto

Coloquial: mover o corpo

Estándar: facer deporte

Culto: adestrar

Coloquial: esnafrar

Estándar: mancar

Culto: lesionar

Coloquial: ser auténtico para...

Estándar: ser bo para...

Culto: reportar beneficios para...

Coloquial: estar a tope

Estándar: sentirse ben

Culto: evolucionar positivamente

3. Na táboa da páxina 3, aparecen un montón de préstamos. Facede pequenos grupos na clase e que cada un se especialice en buscar información sobre algún destes deportes.

Unha vez que explicades en que consiste, asociádelle algunha destas fotos ou debuxos e buscádelle un nome alternativo en galego.

STEP



COMBAT



PUMP



CAPOEIRA





TAI-CHI



FIT-BIKE



4. Por un momento, voste converter en monitor dunha clase de ximnasia de mantemento. Estes son os exercicios iniciais. Seguindo o debuxo, débellelos explicar aos teus alumnos/as. Segue o modelo:



Exercicio 1: tómbese no chan boca arriba. Flexione as pernas e logo, poñendo as mans por tras da cabeza, érgase lixeiramente.

Exercicio 2: ...

Exercicio 3: ...


Vocabulario

Tombarse	Amodo
Erguerse	Lixeiramente
Estirar	Bruscamente
Contraer	De vagar
Anicarse	Sen présa
Flexionar	Enerxicamente
Subir	Axilmente
Baixarse	Seguido
Estender	Docemente
	Ao tempo

5. Que pezas destas mercarías para practicar...

- a) aerobic
- b) fit-bike
- c) footing






6. Por que elixirías esas pezas e non outras?

7. Por certo, entre os estranxeirismos tan frecuentes no mundo do deporte, tamén existen no campo das pezas de vestir. Por exemplo, describe como son estas e logo búscalles un nome en galego:

MAILLOT

CULOTE

BODY

8. escoita este anuncio radiofónico da Asociación de Ximnasiaos reunidos para captar clientes entre a poboación madura. 

Propoñede por grupos agora un similar, imitando este modelo, para captar:

- a) mulleres novas que estudan
- b) executivos agresivos
- c) mulleres maduras que traballan dentro e fóra da casa
- d) xubilados
- e) funcionarias
- f) divorciados







Galego en acción

9. Es profesor de educación física nun instituto de Galicia e estás preparando un material fotocopiado para entregárllelo aos teus alumnos/as.


A clase de hoxe consiste na explicación da importancia dos estarricamentos musculares antes de facer deporte. Dispós destas imaxes para acompañar o texto da fotocopia, que debes redactar. Lembra usar unha linguaxe apropiada para eles, clara e directa.

A importancia dos estarricamentos



Antes de facer calquera tipo de exercicio, é moi importante quentar e estirar os músculos do corpo adecuadamente se non queremos _____

Para quentar os músculos da zona do lombo: _____



Para quentar a zona abdominal: _____

Para quentar os glúteos, adutores e cuádriceps: _____

10. Agora que a través dos exercicios anteriores xa lles demos un bo repaso ás partes do corpo e a verbos de movemento, imos aproveitar iso para propoñervos a seguinte actividade en grupos pequenos: formades parte do xurado dunha academia de baile:

Primeiro debes indicarles oralmente aos alumnos/as novos os pasos básicos destes tres bailes:

- a) cha-cha-cha (*vídeo*)
- b) boogie (*vídeo*)
- c) samba (*vídeo*)


Estes bailaríns son alumnos/as xa avanzados e están en plena actuación, ao rematar debes facer unha valoración oral do seu traballo (*ver vídeo no material complementario*).

Vocabulario

Rápido	Coordinar	Xeonllo
Lento	Estirar	Articulación
Áxil	Encoller	Cóbado
Harmonioso	Xirar	Postura
Delicado	Agarrar	Lombo
Enérxico	Tropezar	Desprazamento
Erguido	Flexionar	Condución

MODELO DE TEXTO VALORATIVO

O baile que **acaban de ofrecernos** estes dous bailaríns estivo moi ben executado. Resultou **mellor** a súa actuación desta semana **ca** a que vimos nesta mesma pista a semana anterior. Os movementos cos pés foron limpos e a expresión do corpo foi **tan coordinada** entre os dous **como** cabería esperar, aínda que ela bailou **mellor ca el**. En conxunto, **podemos dicir** que se tratou dunha peza ben executada.

 Fixate como neste modelo de texto valorativo imos acumulando recursos vistos neste tema (comparacións, perífrases perfectivas) coma outros xa estudados (perífrase modal de probabilidade).



Tipoloxía textual


Síntese

A BONECA DE TRAPO




Lola Pastoriza (Lugo, 1970) é unha das autoras máis recoñecidas pola crítica nos últimos dez anos. Non en van *leva escrito* xa catro obras narrativas: dous libros de relatos e dúas novelas xuvenís, e todas elas *teñen contado* coa aceptación do público.

A boneca de trapo é a súa última achega ao mundo da literatura. Trátase dunha novela ambientada, *primeiramente*, en Lisboa, *para despois* discorrer ata levarnos á cidade francesa de Toulouse. Nela, Alicia Chousa, unha excelente acordeonista, vive unha tórrida historia de amor cun gris oficinista de existencia mediocre. O choque emocional entre estas dúas persoas de existencia tan diferentes é o pano sobre o que se tece esta historia. Trátase xa que logo dunha novela que, *por un lado*, nos fala da loita por sobrevivir nun mundo hostil e, *por outro*, do amor vivido cunha paixón extrema.



11. Observa as fotografías destas persoas. Entre eles hai actrices, escritoras, fotógrafas, escultores, directores de cine...; en fin, xente que se dedica ao mundo da arte.

Asígnalle unha destas profesións a cada un, logo explica baseándote en que trazos da súa personalidade e/ou aspecto xeral lla asignaches. Por fin, redacta un texto similar ao que nos serve de modelo, comentando brevemente algunha das súas obras.



PERÍFRASES ASPECTUAIS PERFECTIVAS

As perífrases son complexos verbais que utilizamos, ademais de para indicar acción coma calquera outro verbo, para achegar contidos de carácter modal, temporal ou aspectual. As perífrases aspectuais perfectivas indican que unha acción xa rematou definitivamente. Son perífrases aspectuais perfectivas as seguintes:

TER + PARTICIPIO
DAR + PARTICIPIO

LEVAR + PARTICIPIO
ACABAR + DE + INFINITIVO

Acabou de facer o traballo que lle puxeron.


Leva dado moito traballo.

Adela ten feito moitos xerseis de la.

Non dou rematado isto.

En canto aos marcadores que serven para ordenar as ideas ou parágrafos dun texto, fíxate nas que usamos nós no texto introdutorio deste apartado (en cursiva). Tamén hai estoutros:

Primeiro / primeiramente / en primeiro lugar... despois / a seguir / en segundo lugar



Modelo actividade Celga

12. Trallemos por parellas. Estamos no ximnasio.

O teu amigo é a primeira vez que vai e ti vaslle facer de guía, porque o primeiro día está un pouco perdido. Vaslle mostrando as salas principais e el vai indicando a súa sorpresa ante o que vai descubrindo (ver vídeos).

- Describe o que ves.
- Di que tipo de deportes se poderían practicar en cada unha delas.
- Que o teu amigo che conteste mostrando sorpresa ante o que ve.


13. Como ao teu amigo lle gustaron moito as instalacións do ximnasio, decide inscribirse. Diríxese á recepción e danlle esta folla coas normas básicas (ver texto anexo). Lédela entre os dous e despois comentades as dúbidas.

O teu amigo é de Ames, pódese inscribir igual?

Ten que rexistrarse antes de poder ir a un curso de natación?

Que pasos ten que seguir para inscribir un fillo seu menor de idade?

Vanlle dar un carné?



Contido sociocultural

A moda galega


A moda galega é un dos sectores produtivos clave da nosa economía. Xa dende hai unhas décadas, Galicia ocupa un lugar relevante na industria da moda dentro do conxunto do Estado español, tal e como demostra o feito da gran cantidade de firmas de moda galega que atopan recoñecemento en pasarelas nacionais e internacionais: Inditex, Adolfo Domínguez, Roberto Verino, Caramelo, Kina Fernández, Antonio Pernas, Florentino...

Na actualidade, unhas 1.800 empresas danlles emprego directo a 18.500 persoas, mentres que xera outros 30.000 postos de traballo indirectos. Estas cifras convarten o sector téxtil nun dos sectores estratéxicos da nosa economía.



Por este motivo, son varias as iniciativas que existen dentro do país para fomentar a consolidación de novos deseñadores, así como para mostrar as creacións dos que xa están consolidados. Entre as primeiras, podemos citar o certame TESOIRA, que recoñece o talento creativo dos novos deseñadores galegos e, entre as segundas, podemos facer referencia á pasarela PONTUS VETERIS, que se celebra anualmente en Pontevedra.





Transcripción do audio

8. Anuncio radiofónico da Asociación de Ximnasios.

Como? Que aínda non probou vostede os beneficios que ten para a saúde ir a un bo ximnasio?

A que espera para probalo! Achéguese ao ximnasio que teña preto da casa e non deixe pasar nin un día máis sen asistir a esta fonte de saúde. Verá como en poucos días se sente mellor, o seu estado físico mellorará axiña. Hase sentir máis áxil e menos pesado que nos seus anos mozos, máis xovial e contento do que nunca pensou a partir dos cincuenta.

Non dubide máis! Veña xa!